

EU SON LIBRE E NADA PODE CONTER A MARCHA DOS MEUS PENSAMENTOS
(ROSALÍA DE CASTRO)

Estas verbas, que foron pronunciadas pola nosa musa feminista no século XIX ,aínda fai falta reivindicalas neste século.

Debido ao asasinato das irmás Mirabal en 1960, elixiuse o 25 de novembro, día en que aconteceu ese dramático feito, para conmemorar a loita contra a violencia que sofren as mulleres polo feito de selo. Empezouse a celebrar no ano 1981.

A violencia contra as mulleres constitúe un problema social presente tanto no ámbito doméstico como no público en diferentes vertentes: física-sexual-psicolóxica-económica-cultura e outras que afectan as mulleres dende o nacemento destas ata que teñen avanzada idade.

Se na actualidade formalmente as mulleres e os homes gozan de iguais dereitos, non é por unha evolución natural, nin polo simple establecemento dos sistemas democráticos. É porque moitas mulleres, ao longo dos últimos séculos, desenvolveron unha importante loita para conseguilo.

Neste ano en que estamos no estado español ata o momento actual 52 mulleres foron asasinadas por homes, a maioría por parellas ou ex-parellas, deixando para sempre a súa: familia, amigas, amigos, traballo, paixóns, soños, admiracións, sentimentos e miles de millóns de palabras sen pronunciar.

Entre as 52 vítimas, a terceira parte tiñan menos de 30 anos, algunhas mulleres tiñan fillas e fillos menores de idade que quedaron sen eses aloumiños, agarimos ,consellos ... dunha nai.

Por iso, queremos reivindicar e lembrar todas e todos ,xuntas e xuntos:

. As mulleres e menores que foron asasinadas e asasinados pola violencia machista e expresamos as nosas condolencias ás súas familias.

.Reiteramos a tolerancia cero contra calquera acción violenta contra as mulleres, independente da súa intensidade .En desigualdade e violencia, non hai graos.

.Facemos un chamamento a toda a sociedade para que denunciemos situacións de violencia, porque a maior arma dun maltratador é o silencio.

Pensamos que as alumnas e alumnos do noso país, que son o futuro da nosa sociedade, teñen que ter unha materia obrigatoria como mínimo para que elas e eles saiban como combater a violencia. Ademais, a educación é a chave coa que abrimos a vida.

Agora, temos que estar máis unidos que nunca, non podemos deixar de defender porque aínda hai persoas que pensan que "*non hai violencia de xénero ,que son denuncias falsas ou que só é violencia doméstica*" ,ante estas voces ,temos que alzar a nosa, utilizando as palabras con moito amor, xa que son os medios máis poderosos do mundo. Xurdiron tamén movementos que reivindicán novas masculinidades: son homes e grupos de homes que queren crear unha nova identidade masculina baseada na igualdade, que desenvolven unha paternidade responsable, que loitan contra a violencia de xénero.

ASÍ QUE: LOITEMOS POLO QUE QUEREMOS,LIBRES E VIVAS,SEMPRE!!!